

UN PEQUENO PLAN... COMO SALVAR O PLANETA

922

Louis Garrel, 2021

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2022 | V.O.S.E. | TP

Abel e Marianne vense desorientados e confusos cando descubren que o seu fillo adolescente estivo vendendo, ás agachadas, varias pertenzas familiares para financiar un proxecto ecolóxico para salvar o planeta.

«Unha divertida e esperanzadora comedia ecoloxista na que Garrel mete na súa casa a Greta Thunberg»
CADENA SER



UN PEQUEÑO PLAN... COMO SALVAR O PLANETA

Louis Garrel, 2021

Entrevista con Louis Garrel: «Quixen tratar un tema tan anguriente como o futuro do planeta de maneira alegre»

A idea d'Un pequeno plan... como salvar o planeta xorde de conversas que mantiveches con xeracións máis novas? Para nada! É moito máis tolo. Jean-Claude Carrière e eu estabamos nun avión volvendo de Nova York e el díxome que tiña unha boísima idea para unha escena, que finalmente se converteu na primeira do filme. Eu comenteille: “Isto non é normal, nenos e nenas apaixonadas polo medio ambiente?” Pensaba que era unha idea de adultos metida na cabeza de nenos o que me facía sentir incómodo, non me parecía ben. Falei con amigos, linlles a escena e todos pensaron coma min. Jean-Claude sentiuse un pouco ofendido pois el estaba moi convencido. Pasaron tres meses e vin na televisión unha adolescente sueca en folga de fame que decidira actuar polo medio ambiente. Era Greta Thunberg. Chamei a Jean-Claude e díxenlle que era igual que a escena que el tiña escrito. E catro meses despois nenos, nenas e adolescentes estaban a manifestarse por todo o planeta.

Pódese dicir que Carrière foi profético. El foi un dos primeiros en interesarse polo medio ambiente e mesmo escribiu un libro sobre o tema xa en 1972 (*Le pari*) no que evocaba todas estas preocupacións que agora son tan actuais. Aconselloume que me dese présa en facer o filme porque se non ía parecer que me quería aproveitar da situación. E iso é exactamente o que está a pasar. Eu estaba acovardado e non fun visionario de abondo. Pero naquel intre este movemento colectivo de xente nova non existía.

Escolliches un ton máis cómico e lixeiro para equilibrar a seriedade do asunto, para evitar sermonear? Abres máis portas co humor. O problema da maioría dos filmes militantes é que non teñen en conta o espectador. As respostas están dadas, definen o Ben e o Mal, e o espectador simplemente ten que seguilo. Cunha aproximación cómica o espectador ten o seu espazo. O principio da comedia é afastala da realidade. Deste xeito o espectador pode explorar unha preocupación existencial. Gustoume a idea de tratar un tema tan anguriente de maneira alegre.

Volvendo a Greta Thunberg, que importancia tivo o seu pensamento no filme? Ela de primeiras dixo: “Necesitamos tratar o problema do medio ambiente”. Enfrontábase á súa propia extinción cando escoitaba que o planeta será inhabitable en cincuenta anos. Polo tanto, ela pensa que todo debe parar. Pode parecer demasiado radical pero logo chega a COVID e bum! os maiores enfrontámonos coa nosa posible morte e fomos quen de paralo todo cos confinamentos. Eu púxenme no lugar dos rapaces de 15 anos que deben estar furiosos e preguntarse: por que fan isto por eles mesmos e non por nós?

Dalgún xeito o filme ten un toque de conto de fadas, de fábula... Gústame moito que o filme vaia cara a un soño, cara a unha utopía. Iso non elimina as escenas máis preocupantes, como a da alerta. Pensei nun filme de Peter Watkins, *O xogo da guerra*, onde filma un ataque nuclear simulado. Esta secuencia n'*Nun pequeno plan...* é unha alerta, no filme e para os espectadores, para que poidan pensar: “Non podemos permitir que isto pase algún día”. É lóxico que, ao final, só a nai estea en pantalla e non o pai, interpretado por min. A nai é menos escéptica ca el, ela apoia o proxecto dos nenos máis axiña. Pensamos que ela é inocente e, de feito, simplemente é unha persoa lóxica. Ao final é un espellismo, un espellismo do cinema, que significa que o propio filme cre no seu proxecto utópico.